

RESOLUCIÓN DA CONSELLERÍA DO MAR DA CONVOCATORIA POLA QUE SE ADXUDICAN AS BOLSAS DE FORMACIÓN EN MATERIA DE INVESTIGACIÓN MARIÑA PARA PERSOAS CON TITULACIÓN SUPERIOR CONVOCADAS POLA ORDE DO 1 DE OUTUBRO DE 2025

No DOG núm. 196 do 10 de outubro de 2025 publicouse a Orde para á convocatoria de dúas bolsas de formación en materia de investigación mariña para persoas con titulación superior (código de procedemento PE609E).

Conforme ao estipulado na orde reguladora, a Comisión de Valoración, unha vez valoradas as solicitudes de acordo coas bases da convocatoria, elaborou a listaxe para a proposta de adxudicación das bolsas para a formación en materia de investigación mariña para persoas con titulación superior.

De conformidade co contido da citada listaxe e vista a proposta de adxudicación do órgano instructor, RESOLVO:

1. Adxudicar as bolsas para a formación en materia de investigación mariña para persoas con titulación superior ás persoas que de seguido se relacionan, de acordo co disposto no artigo 11.5 da citada orde.

De acordo co artigo 4 da convocatoria, a contía das bolsas será de 1.200,00 € brutos mensuais.

As persoas beneficiarias das bolsas integraranse no réxime xeral da Seguridade Social, de acordo co establecido no artigo 3 do Real Decreto 1493/2011, do 24 de outubro, polo que se regulan os termos e as condicións de inclusión no réxime xeral da Seguridade Social das persoas que participen en programas de formación, en desenvolvemento do previsto na disposición adicional terceira da Lei 27/2011, do 1 de agosto, sobre actualización, adecuación e modernización do sistema da Seguridade Social.

ADXUDICATARIOS/AS:					
APELIDO1	APELIDO 2	NOME	DNI	PUNT. TOTAL	IMPORTE
SEQUEIROS	VÁZQUEZ	MARÍA	***2180**	78,5040	28.800,00 €
LÓPEZ	BASCOY	PABLO	***7068**	70,1033	28.800,00 €

2. Establecer unha listaxe de suplentes única, por orde decrecente de puntuación, que poderá ser operativa no caso de que a persoa bolseira seleccionada non se incorpore na data establecida, cando manifieste expresamente a súa non aceptación á bolsa ou renuncie a esta unha vez aceptada, así como cando se proceda á súa revogación.

SUPLENTES				
APELIDO1	APELIDO 2	NOME	DNI	PUNT. TOTAL
PÉREZ	GONZÁLEZ	VÍCTOR	***9117**	63,6989
AMBROSIO	MILLOS	ADRIÁN	***6522**	60,9122



3. Non admitir as solicitudes que se relacionan, por non cumprir cos requisitos indicados:

APELIDOS E NOME	DNI	CAUSAS DE INADMISIÓN
GONZÁLEZ PÉREZ, OSCAR	***7329**	a
RAMOS GALLEGU, ELENA	***4392**	a
ROJO PIZARRO, PAULA	***3455**	b

CÓDIGO	CAUSA DA INADMISIÓN
a	Non ter rematados os estudos conducentes a obtención da titulación universitaria de licenciado/a ou de grao en bioloxía ou ciencias do mar no ano 2022 ou posterior (Artigo 2.1)
b	Non acreditar un coñecemento da lingua galega no nivel de perfeccionamento ou Celga 4 (Artigo 2.5)

4. As persoas beneficiarias das bolsas deberán confirmar a súa aceptación ou renuncia no prazo de dez días naturais seguintes a publicación da resolución de adxudicación das bolsas na páxina web da Consellería do Mar. Despois de transcorrer o mencionado prazo, se as persoas beneficiarias das bolsas non se pronunciaren en ningún sentido, entenderase que aceptan a bolsa.

5. As persoas beneficiarias das bolsas presentarán declaración responsable na que conste que non gozan doutro tipo de bolsa ou axuda financiada por calquera administración, institucións ou entes públicos; así como que non percibe soldos ou salarios que impliquen vinculación contractual ou estatutaria.

Tamén, coa aceptación da bolsa, as persoas beneficiarias das bolsas deberán presentar certificación médica acreditativa de non estar incapacitado/a fisicamente ou padecer enfermidade que poida impedir a realización normal da actividade formativa obxecto das bolsas.

6. As persoas beneficiarias terán as obrigas establecidas no artigo 15 das bases da convocatoria.

7. O período de realización das bolsas é de 24 meses.

8. Contra esta resolución, que pon fin a vía administrativa, os/as interesados/as poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante o Conselleiro do Mar no prazo dun mes a partir do día seguinte da publicación desta resolución no Diario Oficial de Galicia, segundo o disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da publicación, conforme se establece na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, (asinado dixitalmente)

A Conselleira do Mar

P.D. Orde do 21.02.2022 (DOG núm. 41 do 01.03.2022)

A directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro

María de los Ángeles Vázquez Suárez

(asinado dixitalmente)

